

A Fortaleza de San Paio de Narla. Formación da estrutura militar, a destrución e as transformacións

José Ángel Santos Ferro¹

Resumo: este traballo é un estudo arquitectónico da fortaleza baixo medieval de San Paio de Narla, na provincia de Lugo (Friol), tirado a partir duns debuxos atopados no Arquivo da Real Chancellería de Valladolid e datados no ano 1510, anteriores á reconstrución realizada no período renacentista por Vasco das Seixas

Resumen: Este trabajo es un estudio arquitectónico de la fortaleza bajo medieval de San Paio de Narla, en la provincia de Lugo (Friol), realizado a partir de unos dibujos anteriores a la reconstrucción realizada en el período renacentista por Vasco das Seixas que se encontraron en el Archivo de la Real Chancillería de Valladolid y tienen la fecha de 1510.

Abstrac: The thesis work is about an architectural study of the medieval fortress under of San Paio de Narla, in the province of Lugo (Friol), made from previous drawings reconstruction work in the Renaissance by Vasco das Seixas which was found in the archive of the Royal Chancery of Valladolid with date of 1510.

Nun macizo rochoso do lugar de Castronela (xurisdición de San Paio), do termo municipal de Friol, coroando un cerro que circunda case que por completo o río Narla, érguese esta fortaleza, máis coñecida agora pola Torre de Xiá, aínda que antes lle chamaban Torre de San Paio de Narla.

¹ (*) Arquitecto. Este traballo forma parte da tese de doutoramento *Orixe e evolución de catro fortalezas baixomedievais da parte suroeste da provincia de Lugo* no Departamento de Composición Arquitectónica da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, sendo o seu director D. Francisco Xabier Louzao Martínez e o titor D. Xosé Ramón Soraluze Blond.

Agradecemos a xenerosidade de Xosé Antón García González-Ledo por cedernos os debuxos arqueolóxicos que ilustran este traballo. *Proxecto escultura funeraria, heráldica e epigrafía medieval galega*. Dirixido polo doutor Eduardo Pardo de Guervara y Valdés. Instituto de Estudos Galegos. CESIC-XUNTA DE GALICIA.

E tamén a Jaime García García, arquitecto técnico e enxeñeiro de edificacións, polo desenvolvemento dalgúns planos e infografías.



Vista aérea da Fortaleza, do voo americano do ano 1956.




Vista aérea da Fortaleza na que se aprecia o foso defensivo do antigo castro. Ano 2011.

Un tanto confusas son as noticias que se refiren á época da súa construción e aínda máis as do seu fundador ou primitivo dono.

Polo menos dende a Idade do Ferro serviu a Castronela de San Paio de asentamento humano (normalmente están construídas sobre as ruínas dun castro). Daquela época castrexa, ademais da plataforma case circular que logo foi convertida nun patio de armas exterior á fortaleza, atopamos datos de que aos pés da fortaleza existían casas-cortes de pedra e palla do Cebreiro cuxo deseño se remonta ao período castrexo (que temos descuberto na nosa investigación histórica) e constitúen o máis inmediato antecedente da arquitectura tradicional galega e fica, tamén, algún muíño manual circular atopado nos arredores da fortaleza.

A aparición de construcións castrexas e a presenza de fosos nos debuxos do Arquivo da Real Chancelería de Valladolid, do ano 1510, denótanos a presenza dun pequeno castro cunha defensa simple, posiblemente da primeira Idade do Ferro (800-400 a.C.). Este caracterízase por ser un poboado pequeno: ten en torno a unha hectárea de media de terreo, o que supón unha poboación duns 100-150 habitantes. O xeito da fortificación diferénciase dos da Idade final do Bronce na que se implica e unha maior alteración da topografía dos lugares onde se enclavan. Adáptanse menos ao terreo e constrúese máis. Érguense agora aterrrazamentos, aplánase a superficie dos outeiros para construír cabanas, escávanse fosos en torno aos poboados e constrúense pequenas murallas, mellor apareladas. Esta maior monumentalización ten o seu correlato na arquitectura doméstica do século VII e VIII a.C.; temos casas circulares de pedra en diversos xacementos. Na realidade non se coñecen con moito detalle as defensas castrexas deste período porque se lles deu preferencia ás zonas de habitación.

Polos debuxos deducimos que o castro posúe tres fosos concéntricos, de diversas profundidades. É posible que, orixinalmente, carecese de muralla e que este labor



Pequenos castros con defensa simple, típicos da Primeira Idade do Ferro. Comarca do Deza. Pontevedra. Segundo X. Carballo.

o cumprise unha cerca de madeira. Posteriormente, construíuse unha muralla que, como soe ser habitual neste período, se fixo de cachotería e cascallo de escaso porte. No interior do poboado, na súa parte máis alta, habería un segundo muro que temos que considerar como unha simple estrutura de aterrrazamento para habilitar o espazo central do castro como zona de habitación. Construíronse numerosas casas de planta alongada e esquinas curvas, dispostas en fiadas en paralelo seguindo as curvas de nivel. A fabricación das posibles murallas respondería ao modelo característico de acumulación de pedras sen traballar que caracteriza outros poboados do Bronce final e do Ferro antigo.

En boa parte do noroeste, son frecuentes as murallas inclinadas de pedra e terra, que parecen formar máis terrazas que muros defensivos propiamente ditos. Os castros deste período, ademais, posuían case sempre un recinto único. Isto indica que cando a poboación medraba, non o facía paralelamente ao castro, senón que o exceso demográfico se canalizaba cara ao exterior e daba lugar á fundación de novos castros cun só recinto.

Na entrada ao castro de Borneiro tamén atopamos unhas peculiares cabanas alongadas, diferentes ás que se amosan no resto do poboado, predominantemente circulares.


Non se coñece ben o momento da primitiva construción da Torre de Xiá nin o seu primeiro propietario, quizais nos séculos XII o XIII; a primeira referencia histórica é do ano 1350:

“No campo da Rocha da Nárrela, Fernán Gómez das Seixas fixo pregunta a Gonzalo Sordo se se parauan o sesto do couro de Gial” que éste había vendido ante Notario y siendo testigos los “comenderos da comenda da Rocha de Nárrela po o mestre da orden de Santiago”.

Formación da fortificación defensiva e militar

Consiste nunha fortaleza erguida, levantada nun emprazamento dominante e estratéxico para controlar o territorio e proporcionarlle protección e seguridade ao posuidor do señorío. A maior parte destas sobrias construcións non posúen as condicións axeitadas para a vida cotiá: o conxunto fortificado desenvólvese arredor de esveltas e altas torres con poderosas murallas con merlóns e con moi poucos ocos nos andares superiores (normalmente moi estreitos chamados seteiras) e construídos en elevados outeiros practicamente pouco inaccesibles. A fortaleza definida de xeito semellante confórmasse arredor da Torre da Homenaxe entendida no senso dunha fortificación nunha paraxe inexpugnable e de difícil acceso. Moitas veces, incluso, engadínan unha cerca (neste caso foso e contrafosos) por faltarlle o patio de armas e as dependencias anexas.

Na Galicia abundan máis as torres que os conxuntos que desenvolven xeitos máis complexos. A torre case non posúe condicións de habitabilidade (o xeito é que os edificios destinados a vivenda estiveran afastados cara ao patio): a función é xeralmente como pechamento de vías de comunicación ou de control do tráfico, así como do linde territorial. A Torre da Homenaxe érguese no lugar máis destacado do conxunto fortificado e é unha construción de tradición nórdica que se impuxo



Castro de Torroso, Pontevedra.
Segundo A. de la Peña Santos.



Vista aérea dende o sueste

na Idade Media en toda Europa. Esta edificación soe posuír até catro andares cunha plataforma superior que se desenvolve por medio dunha bóveda, beiril ou matacán que se sustenta polas ménsulas, ás veces, de pequenos arcos; posiblemente neste caso se cubría cunha estrutura de madeira cuberta con lousa (ao xeito que, posiblemente, tería o castelo de Pambre, que demostraremos nun estudo que estamos a realizar e que verá a luz nun período non moi longo). O material de construción, xeralmente, que máis abunda no lugar de emprazamento é o granito por ser moi abundante nesta zona.

Debido a que se constitúe como unha construción coa función de último bastión defensivo, non soe ter ocos tendo os seus muros unha anchura considerable. A porta da entrada atópase, case sempre, na primeira planta chegándose a ela por medio dunha escaleira móbil para que, en caso de perigo, se puidese retirar facilmente, de xeito que a torre ficase totalmente illada. A planta das torres soe ser cadrada, aínda que hai casos onde é circular, como en Ferreira de Pantón ou en Amarante. Os tres ou catro andares comunícanse interiormente con escaleiras de madeira e, ás veces, con chanzos. O soto é macizo sen ningún burato ou trapela de acceso. Na maioría dos casos, estas fortificacións son do material que tiñan á man, moi ben labrado, con excelentes perpiaños, xa que o material para a construción era o da zona sendo a destreza dos mestres canteiros moi boa.

A Torre da Homenaxe pode cumprir tres funcións: a de posto de vixilancia, a do último reduto e unha defensa en profundidade sendo, ás veces, residencia dos señores.

Cando supoñemos unha plataforma que se formou sobre un rochedo, posiblemente tería máis dun muro, o exterior era máis baixo e recibía o nome de barbacá ou barreira e servía para defender ou un foso ou varios fosos que podían ser terrapléns ou recheos con auga; atravesábanse mediante pontes levadizas defendidas por un saínte deste chamado baluarte. As portas dos distintos muros podían unirse entre si por corredores ou camiños cubertos, chamados tamén barbacás.



Vista aérea dende o noroeste

En canto á organización da defensa, esta debía graduarse en profundidade, dende os fosos e muros ata a Torre da Homenaxe, que actuaban como derradeiro reduto; cando está sobre a muralla pode tamén xogar un papel máis activo, defendendo un punto máis exposto aos ataques. Os órganos de defensa pasiva están constituídos pola súa altura, polo grosor das murallas e o mesmo relevo do terreo. Os de defensa activa concéntranse na parte máis alta da fortaleza (merlóns, seteiras e troneiras) e na base dos muros cando teñen noiro ou *alambor*. O flanqueo non era perfecto, pois as torres cuadrangulares multiplicaban os ángulos mortos.

Estas edificacións soen ter unhas características moi comúns: permanencia da Torre da Homenaxe, predominio das superficies planas nos muros e case total ausencia de trazados curvilíneos, existencia de torres con porta que se corresponden a unhas construcións máis antigas, quizais anteriores ao século XIII, pois dende entón comézase a utilizar un novo dispositivo consistente nun corpo de edificio rectangular comprendido entre dúas torres (parece similar aos debuxos atopados do ano 1510) e son moi escasas as adaptacións á artillería de fogo.

No noso caso, atopámonos cun recinto mediano arredor dunha torre, construído nun outeiro sobre unha rocha, as ruínas dun antigo castro e unha torre medieval de catro andares e outro torreón máis baixo, anteriores ao uso da artillería.

A conformación xeofísica e orográfica galega está formada por numerosos vales, outeiros e montes que imponían necesariamente varias formas de construción. Por iso, en Galicia, podemos atopar os chamados “castelos rochedos (Sande, TORRE DE XIÁ, Naraío, Nogueirosa, Pambre...)”, os chamados castelos montañosos (sobre montes dominantes), os construídos sobre terras chás e os dominados por altas montañas.

Estas significativas construcións militares participan do movemento artístico comezado cara ao ano 1050, que é coñecido co nome de arte románica. Neste senso débese dicir que o trazo máis característico da arquitectura románica é o emprego da

bóveda de canón. Con este elemento cubríanse espazos con teitos curvos de cachotería, en lugar de salvar un van con vigas horizontais que non poderían soportar o peso da pedra. A bóveda máis simple consiste nun arco prolongado lateralmente e chámase bóveda de canón, permitindo a entrada de máis luz, non obstante, no noso caso, coidamos que polos espesores, marcas e altura dos andares que o sistema foi utilizado para o teito do terceiro andar da Torre da Homenaxe, que agora sostén un adarve con lousado de granito de gran peso (é porque xa ten un forxado de formigón feito na última reforma). Consistía nun forxado de madeira que estaba cuberto por unha estrutura, formando un tellado a catro augas sostido sobre catro piares, tamén de madeira, que descansaban sobre os grosos muros laterais da torre (ver planos das figuras n.º).

É significativo que, como comprobaremos posteriormente, nos planos do ano 1510 atoparemos, aos pés da fortaleza, cortes de perpiaños e cachotaría, con teito de colmo ao xeito do Cebreiro, cuxo deseño se remonta ao período castrexo e constitúen o máis inmediato antecedente da arquitectura tradicional galega.

Fortaleza, poderes políticos e estruturas sociais

A fortaleza, como produto dunha época e dunha sociedade, non só debe ser estudada dende o punto de vista arquitectónico, senón tamén dende o político e social, expoñendo en relación coas necesidades dos homes que as construíron, para o cal procederemos a estudalas.

Como instrumento das guerras nobiliarias a súa función é estritamente militar, servindo ao seu propósito tendo en conta o armamento e as necesidades da época. A fortaleza é o principal medio polo cal un señor se afirma fronte a un competidor,



Fotografías do muiño tiradas no ano 2011

por iso, o vencedor destrúe case sempre as fortalezas do vencido. Pero ademais, teñen outras funcións que afectan os habitantes das terras do seu contorno.

Era a residencia permanente do meiriño ou señor feudal: Vasco Gómez das Seixas e os seus descendentes. Ás veces acollían o arcebispo e probablemente monxes do mosteiro de Sobrado. En xeral, as condicións de habitabilidade non eran boas, posiblemente semellantes ás das casas campesiñas. As vivendas estaban instaladas en antigas e reaproveitadas construcións castrexas dentro do recinto de fosos e contrafosos. O núcleo da Carballeira tamén se atopaba a menos de 200 m da fortaleza.

Probablemente, si que estaba ligada aos intercambios e ao control de numerosas actividades, grazas aos monopolios. A vinculación das fortalezas ao comercio lévase a cabo, fundamentalmente, mediante a creación de mercados e feiras que non se celebran xa dentro do seu recinto, pero si nos arredores inmediatos.

En canto aos monopolios, estes consisten en poñer a disposición dos campesiños, talleres e instrumentos de produción tales como muíños (As Pontes), fornos, prensas, mediante a obriga de utilizalos e, tamén, o pagamento dos censos. A función económica desta fortaleza parecía consistir, máis ben, en ser o centro de recepción das rendas procedentes dos dereitos xurisdiccionais.

A fortaleza era o centro dunha terra que comprendía varias parroquias: St.^a M.^a de Xiá, San Martiño dos Condes, St.^a M.^a de Ramelle, St.^a Eulalia de Madelos e St.^a M.^a de Guimarei. Teremos que diferenciar as fortalezas que tiñan unha función de vixilancia e aquelas máis próximas aos núcleos de poboación, que funcionarían como centros administrativos. Mesmo nestes casos, a fortaleza mantense illada da poboación, situándose en lugares algo apartados e, dado cos arcebispos tiñan o señorío xurisdiccional, as funcións destas construcións militares, ao respecto da súa terra, sería a administración de xustiza e o cobramento da renda por ese concepto.

A contribución dos vasalos á construción e mantemento das fortalezas, ben mediante cantidades de diñeiro que se repartían entre cada freguesía, ben mediante servizos persoais de transporte de materiais, peonaxe, vixilancia... e tamén pode incluírse o pagamento dos dereitos de paso.

Debemos, tamén, sinalar a importancia do papel simbólico que podería ter a Torre da Homenaxe como sinal de poder entre as poboacións veciñas (Friol, Miraz, Parga, Pambre...).

Os mosteiros galegos reclaman a supresión da encomenda ante as Cortes de Soria (ano 1380).

Dentro dos encomendeiros dos mosteiros galegos figuraba o señor da fortaleza de San Paio de Narla, Vasco Gómez das Seixas, que controlaba os bens monásticos de: Oseira, Santo Estevo de Chouzán, Chantada, Ferreira de Pallares, Samos, Sobrado e do priorado Santiaguista do mosteiro de Vilar de Donas.

Estes nobres que, en nome da encomenda, impoñían a súa vontade nos mosteiros, de xeito que “ocupaban et tomaban los logares, aldeas e omes vasallos de los dichos monesterios e iglesias...llevando dellos dineros, e pan e otras cosas e fazendo servir por sus corpos, asy en labores de sus heredades, como de castiellos e fortalezas que fazian, en toda servidumbre, como si fuesen sus vasallos exemptos, et non dando logar a los dichos abades...para se servir de los dichos sus omes e vasallos “. Estas e outras arbitrariedades producirán o caos nos señoríos monásticos.

A decisión das Cortes de Soria de 1380 foi condenatoria para os encomendeiros. O rei creou un tribunal composto por, unicamente, catro xuíces co fin de poder solucionar as ocupacións e os roubos que moitos dos cabaleiros de Galicia estaban efectuando nos patrimonios conventuais, xa que estes ficaban obrigados a devolverlles ós mosteiros os señoríos e vasalos apropiados con este título colorado e ademais a resarcir os danos causados. Xoán I encomendoulle o cometido ao *Adelantado Mayor* Pedro Ruiz Sarmiento.

O día 28 de decembro, de 1380, remítelle unha carta a Vasco Gómez das Seixas notificándolle a obriga de abandonar a encomenda do mosteiro de Santo Estevo de Chouzán procesándoo de que “vos el dicho vasco gomez que tenedes encomienda. Contra voluntad de la dicha abadesa et del dicho convento. El couto de sancte estevan de chocan que es del dicho monesterio et todas las otras heredades et vasallos que dicho monesterio a en tierra de chantada en el cual, herdades et vasallos del dicho monesterio echavades peca de pechos et de pedidos et servicios de pan el de vino et de puercos et de carneros et de vacas et de dineros et de otras cosas afueras destas por voz de encomienda. Et las fazedes yr por sus cuerpos a las labores de las cercas el fortalezas que fazedes et a todas las otras servidumbres quelles mandades. Et vos servides dellos asy como se fuesen vuestros vasallos mesmos solariegos et mucho mas en tal manera que mays conoçían a vos por señor que non a la dicha abadesa el al dicho convento”.

A finais do século XIV, o prior do mosteiro de Samos acusou a Vasco Gómez das Seixas, señor do couto de Xiá en terras friolesas de Narla, como ocupador e usurpador do couto de Celaguanes en Ourense.

Dentro do contexto social da Galicia, os escudeiros viñan a ser fidalgos que se gañaban a vida combatendo coma mercenarios para un señor; considerados dentro da categoría inferior á dos fidalgos, emparentados nunha especie de criado ou plebeo doméstico. Pola miseria na que vivían, moitos debéron de converterse, ao igual que outros fidalgos, en foreiros de mosteiros e propiedades pertencentes ás Ordes Militares, cultivando, en multitude de ocasións, eles mesmos as terras. A documentación deixa constancia da súa situación e nalgunhas das encomendas, como no couto de Vilar de Donas, onde o escudeiro Fernán Gómez das Seixas ocupaba, en 1494, o mosteiro da igrexa de San Xoán de Cubelo, levándose unha renda que alcanzaba as 20 fanegas de pan, polo que o prior Álvaro Vázquez de Palacio veuse obrigado a preitar co dito escudeiro para recuperar a súa propiedade. A vitoria do conde de Ulloa, na batalla de Ambreixo, decide a devolución da maioría das posesións que Fernán Gómez das Seixas lle arrebatara xunto coas súas terras, excepto a desta igrexa que

xunto coa súa renda de vinte fanegas de pan terá que esperar ata o ano 1503 para volver ao priorado, pero dunha maneira burocrática.

Na Rocha de Narla campaba un fidalgo lego, chamado Pedro das Asexas que lles tiña ocupado aos santiaguistas a igrexa de Santa María, rendéndolle 60 fanegas de pan e 1000 marabedís en concepto de medos; as súas fillas levaban 1/3, xunto a outros fidalgos que levaban 1/3 da igrexa de San Xulián de Carvallo no mesmo couto.

Con esta decisiva base xurídica outros mosteiros preséntanlles queixas e reclamacións ás Cortes e denuncian ao rei os atropelos sufridos. Non obstante, os dous xefes da nobreza trastamarista non apoiaron a clara posición legal da Coroa e impuxéronlles a súa lei ás igrexas e mosteiros veciños e os bispos e abades tiveron que pactar con eles e outros nobres, aceptándoos como encomendeiros, pese as coñecidas regras prohibitivas.

A nobreza galega continuou o seu imparabile galope sobre os bens eclesiásticos, pero a súa actitude terminou desacreditando os xefes da nobreza trastamarista e anulándoos politicamente. A Coroa segue a súa política personalista e busca novos oficiais entre cabaleiros de rango inferior e menos vinculados á terra, os cales puideron manipular con máis garantía e docilidade.

A destrución. A Revolta dos Irmandiños (século XV)

Os séculos XIV e XV en Galicia trouxeron enorme axitación a unha terra, ata entón salvaxe e indomable, na que os señores feudais acampaban ás súas anchas. Neste contexto histórico de conflictividade social entre a nobreza trastamarista e os señoríaos eclesiásticos, temos que engadir as loitas internas entre as diversas faccións da nobreza. Estes enfrontamentos e o reforzamento das extorsións aos vasalos explican, en boa medida, as tensións do século XV. Houbo neste século dous levantamentos armados coñecidos co nome das guerras Irmandiñas: a primeira chamada Irmandade Fusquenlla e a segunda Gran Guerra Irmandiña.

A Gran Guerra Irmandiña durou dous anos (1467-1469) e algúns historiadores ven nela un “proceso revolucionario antiseñorial”, o primeiro de Europa no que se refire tanto ao masivo apoio social como ao ámbito xeográfico. As metas e os obxectivos foron claros dende o primeiro momento: a finalidade política estaba afianzada nunha organización modélica na que se involucraron todos os sectores populares, sendo a primeira vez que un reino enteiro cuestiona o sistema feudal. Aínda que a guerra durou dous anos, os preparativos comezaron algún tempo antes baixo a dirección de Alonso de Lanzós, apoiado por varias vilas como Betanzos, Ferrol, A Coruña e Lugo, que se constituíron nos verdadeiros impulsores e motores iniciais. Diversos desastres, citados máis arriba, fixeron de detonante desta revolta que encima adquire todos os elementos dunha guerra civil.

No desenvolvemento e na organización da guerra, varios grupos sociais rapidamente se converteron en protagonistas: labradores, burgueses, fidalgos, baixa

nobreza e diversos membros do clero. Os líderes, non obstante, pertencen ao sector da pequena nobreza: Pedro Osorio, que actuou sobre todo en Compostela e na súa área de influencia; Alonso de Lanzós no Norte (Pontedeume, Betanzos...) e Diego de Lemos no Sur de Lugo e Norte de Ourense. Tamén a monarquía, sobre todo Pedro I e Enrique IV, defende una política centralizadora do poder en detrimento das xurisdicións territoriais, no camiño de racionalizar o sistema feudal, co que satisfacían as pretensións municipais. Os verdadeiros inimigos dos Irmandiños eran os donos dos castelos e fortalezas, ademais dos bispos (os Lemos, os Andrade, os Ulloa, os Soutomaior e os Moscoso).

Na declaración de Xoán Vázquez de Bustelo, n.º 1435, veciño de Ferreira de Negral, testemuña de Vasco de Seixas nas probanzas de 1505 en pleito co obispo de Lugo (Archivo de la Real Chancillería Alonso Rodríguez pleitos civiles fenecidos C 250-1). Vasco de Seixas, o vello, señor de San Payo, había asasinado en Santiago de Compostela a Juan do Sisto, enviado do marqués de Astorga (Pedro de Vilanova, veciño de Santoolalla de Boveda (ibid)):

“la dicha fortaleza de San Payo fue derribada vida de...Vasco de Seyxas el viejo, padre del que agora es por la hermandad loca que se levanto...en..Galicia contra los caballeros e hijosdalgo..podra aver...quarenta años...el para la derribar se juntaron las comunidades e ciertos henemigos suyos del dicho Vasco das Seyxas el viejo que heran capytanes de dicha hermandad loca...que se llamavan Alvaro de Prado e Vasco de Prado su hermano e Pedro Sybal de Prado su primo e Alvaro López de Ferrería con todo el concejo de la cibdad de Lugo...que le tenyan henemystad de cabsa de cierta pelea que el dicho Vasco de Seixas e Pedro de Prado ovieron en que el dicho Vasco de Seyxas le mato sobre diferencia de hacienda...e...henemistad..e con Alvaro Lopez de la Ferreria que hera casado con una hermana de los Prado”.


No Arquivo Histórico Nacional no Clero Secular Regular, libro 6281, folio 208 de data 25 de xuño de 1505 descríbese o litixio entre o Concello de Lugo e o señor da fortaleza Vázquez de Seixas: “Sobre la casa el fortaleza das Seixas que hacen et edifican, que desymos que es en nuestro dapno et perjuicio”.

Na declaración feita no ano 1527 por Ares da Rigueyra, tomada por don Antonio López Ferreiro, do orixinal que existe no Arquivo de San Martín de Santiago repreguntado aquel, co motivo do levantamento das irmandades, polo cardeal Muros asegura que escoitou dicir, entre outras cousas... “que a Hermandade derroco o Castelo de San Paio a Vasco das Seixas, e que a gora, queréndoo levantar, que obispo de Lugo impedíallo decindo que era no seu perxuicio...”, e ... que mandaron por justicia no sabe el termino en que a ...aquel dicho Vasco das Seixas “syn ynpidimiento del dicho obispo fiziere e labrare la dicha casa como lo hace e tiene fecha e labra en el la”.


Destrucción durante as Revoltas Irmandiñas do século XV

Arquivo da Real Chancelería de Valladolid. 1510. Carpeta 4 n.º 57


Sección: planos e debuxos.




Vista dende a fachada norte
-agora lateral dereito- (estrutura
rochosa, paseo de rolda e patio
de armas con fosos e contrafosos,
fiestras xeminadas de arco de
medio punto e ménsulas).



Vista dende a fachada este -agora
principal- (estrutura rochosa, paseo
de rolda e pequeno patio de armas
con fosos e contrafosos, zócalo con
perpiaños na Torre da Homenaxe,
camiño de acceso con construción de
tipo castrexo con teito de colmo (bis
pallozas), ventás de arco de medio
punto e ménsulas.)



Vista dende a fachada oeste -agora
posterior- (estrutura rochosa, patio
de rolda e de armas con fosos e
contrafosos, pequeno montículo xunto
á Torre da Homenaxe onde estivo,
posiblemente, a picota e construción
alongada con teito de colmo (bis
pallozas), fiestras alternas de medio
punto e restos de ménsulas).



Vista dende a fachada sur -agora
lateral esquerda- (estrutura rochosa,
zócalo con perpiaños na Torre da
Homenaxe, paseo de rolda e fosos
e contrafosos, construción de tipo
castrexo con teito de colmo e outra
construción rectangular a dúas augas
no acceso, fiestras de arco de medio
punto na Torre da Homenaxe e posible
corpo saínte cara ao leste coa entrada
principal da antiga fortaleza).

Transcripción dos textos que aparecen escritos sobre as paredes nos debuxos do ano 1510 da fortaleza e na súa contorna.

1. Esta es la pared del palacio viejo que se cayó en el lugar de las dos ventanas a la parte de los canes.
Al dorso y dentro de la huella de un pie: Este es el largo del pie por que se midió la dicha casa e hedificios della.
2. Tiene de ancho esto nueve trese palmos.
3. Esta es la torre antigua derribada parte della.
Este es el ancho, que tiene por lo más alto dieciséis pies.
Esta es la pared del palacio que se cayó viejo.
4. *Esta torre antigua tiene por lo más alto cuarenta pies.*

A restitución territorial (ano 1469)

O derrubamento dos castelos e fortalezas cífrase en arredor de cento trinta entre fortalezas e torres. Nos primeiros intres, os nobres fuxiron cara a Portugal e Castela, non obstante, no ano 1469, Pedro Madruga de Soutomaior comeza o contraataque dende Portugal, xuntándose con el o arcebispo Fonseca de Compostela e as tropas de Xoán Pimentel. O contraataque foi posibilitado pola paz que asina Enrique IV coa nobreza, polo que a nova situación vólvese tremendamente desfavorable para os Irmandiños, sendo derrotados e apresados ou asasinados os seus líderes.

Despois de render Santiago de Compostela, o derradeiro bastión do levantamento, acubíllanse no castelo da Lanzada, magoante e formidable reduto dos postremeiros Irmandiños. A vitoria dos nobres móstrase pequena, posto que a nobreza máis baixa volverá a enredarse en guerras que anuncian o definitivo esgazamento do territorio galego. Así e todo, a represión dos nobres que seguiu non foi moi dura, pese á numerosa participación da xente labrega.

Na declaración de Fernando del Río, veciño de San Paio de Narla, testemuña de Vasco das Seixas nas probanzas de 1505, no preito co bispo de Lugo (Arquivo da Real Chancelería), introduciu outro elemento algo misterioso na derrota dos rebeldes, ao declarar que o derribo do Castelo de San Paio de Narla fora realizado polos levantiscos... “el dicho Vasco das Xexas se juntó con los que se llamavan los rraabelos que heran escuderos forta tresyentos de cavallo para deshacer la dicha hermandad”.

A restitución territorial ía apoiada por unha decidida iniciativa a nivel consistorial: “ano de 1469 a 14 de febreiro, os procuradores das cidades, vilas e lugares do reyno de Galicia xuntaronse na cidade de Ourense a tratar negocios del rreyno y a deshacer agravios a donde libraron sus mandamientos y provision en que attento que los vasallos del monasterio de Sobrado se avian levantado en no querer pagar luctuosas y otras rrentas , mandaron que los corregidores y otras les compelan y hagan pagar esta firmado por todos”. *Paso ante Juan López escribano* (Arquivo Histórico Nacional, códice 341 B. folio 30).

No opúsculo “A Guerra Hermandina”, composto en 1926 por don José Coucelo Bouzas, en vista dos datos contidos nas actuacións dun preito “(...)promovido por el Arzobispo Don Juan Tavera, contra el Arzobispo Don Alonso de Fonseca, se cita entre as fortalezas derrocadas a de San Payo Vasco das Seixas (...)” e ao tratar da reconstrución das destruídas, di que Vasco das Seixas usou procedementos parecidos para levantar a de San Paio, empregando como oficiais traballadores, biscaíños, cousa corrente nesta época en Galicia, para este tipo de construcións.

O preito Tabera=Fonseca (1526)

(Comprobación dos bens do arcebispo de Santiago) ano 1523.

Nestes interrogatorios responden as testemuñas dos tráxicos sucesos e achegan datos variados, de interese desde o punto de vista histórico para o coñecemento da arquitectura militar e palaciana.

Folio 293 vº Ares da Rigueira. O procurador do arcebispo de Santiago pediu que esta testemuña fose preguntada “sobre y en razón del llebamiento de las hermandades e seyendo el dicho Ares da Rigueira preguntado dijo...que al dicho tiempo que bio andar las hermandades oio decir que azian entre si (folio 294) ordenanca las personas de la dicha hermandad para que ninguno dellos criase hijo de hidalgo e que teniendo los de la hermandad cercado al conde don Pedro en Ponferrada quel Marques de Astorga don Alvaro faurescia a la dicha hermandad contra el dicho conde e que le oio decir e que bio que Alonso de Lancos fue capitán de la hermandad en Lugo al tiempo que bino don Juan Pimentel con mucha gente a destruir la dicha hermandad y que en Lemos oio decir que fuera capitán Diego de Lemos e que la hermandad derroco el castillo de San Paio a Basco das Seixas e que agora queriéndola llebantar quel obispo de Lugo se le ynpidia deziendo ser en su perjuicio y cre que mandaron por justicia no sabe el testigo en que audiencia quel dicho Basco das Seixas sin ynpedimento del dicho obispo hiziese e labrase la dicha casa como la (folio 294 vº) aze e tiene echa e labra en ella e que hesto hes verdad y firmolo de su nombre. Ares da Rigueira.”

Folio 1113-15 Ruy Fernández, o vello. Plateiro. Veciño de Santiago. De 70 anos de idade, acórdase de 60.

“(…) 3º Que puede aber sesenta años poco más o menos tiempo que este testigo que declara se acuerda que vido en este Reino de Galizia, las tierras e comarcas dellas se llbantaron los pueblos y gente común del con boz e apellido de Sancta hermandad contra los caballeros y perlados del y contra los malfechors del dicho Reino, deziendo que entonces la dicha gente común rescbia grandes daños de los dichos caballeros y fidalgos e de sus fortalezas, porque los robabas dellas y les tomaban bacas y bois y diz que les forcabasn sus mujeres... la gente que ansi andaba la dicha Hermandad derrocaron todas las fortalezas y casa fuertes del Reino de Galizia que no dexaran sino la fortaleza dl Pambre y otra del quel testigo no hes acordado como quiera que l testigo no las vio derrocar, pero bido después derrocadas algunas fortalezas del Reino de Galicia especialmente la fortaleza de

Porrás y LA ROCHA DE NARLA Y LA FORTALEZA D SAN PAIO QUE ERA DE VASCO DAS (folio 115 V^a) SEIXAS de la fortaleza de Lugo...”

Folios 1445-48. Xoán de Melide. Escudeiro, veciño da vila de Melide, presentado por testemuña por Fonseca. Di “lo que dicho tiene en la declaración y exsortación que declaro por parte del dicho arzobispo de Santiago a que se refiere”.

“3º... dize este testigo que al timpo que ansi anduvo la dicha hermandad en dicho Reino de Galicia oio decir e se dezia públicamente que derrocaran a Jubencos que hera del dicho cond don Sancho e a Caldelas dÓrillon que ansimismo hera del dicho conde a San Paio que hera de Basco das Seijas e a Cira que hera del conde de Altamira e Altamira e Bimianco e mns que hera del dicho conde de Altamira e la Barrera que hera de Altero de ribadeneira e a la barreira e a la Rocha fuerte e al castillo d Jallas que heran del arcobispo de Santiago e a Peralbarez, cond de Camiña a Sotomayor e a Fornelos qu derrocaron otras fortalezas por el dicho Reino de Galicia de señores y de caballeros del que no quedara ninguna salvo el (folio 1448) Pambre...”

Folio 1464. Ares de Regueira, veciño da cidade de Lugo, presentado por Fonseca coma testemuña. Sobre as preguntas xerais dixo que xa declarara anteriormente “(...) que dixo por parte do arcebispo de Santiago(...)”, á que remite.

“(…)3ª que vido que en este Reino de Galicia se llebantou una hermandad que llamaban loca, en los pueblos y tierras del entre toda la gente del dicho Reino y este dicho testigo dize que vido que ellos tenían en los lugares y pueblos alcaldes e diputados e cadrilleros que traían baras de justicia que regían y mandaban la gente de la diha hermandad y ansi llebantando todo el dicho Reino en la dicha hermandad, dize este testigo que ellos se posieran contra los caballeros y señores e hijosdalgo del dicho Reino e les tomaron e derrocaron muchas fortalezas porquel dicho testigo sabe que derrocaron al castillo de Lugo una hesquina del y la fortaleza de Bande que oi esta derrocada que hera de Pedro de (folio 1465) Bolaño e la fortaleza de Ansian que hera del Marques de Astorga que oi día esta derrocada y hera muy buena fortaleza e la fortaleza de Agueira que hera de Rodrigo Goncales de Ribadeneira que oi día ansimismo esta derrocada y la fortaleza de Sarria y la fortaleza de Monforte derrocaran la mitad de la dicha fortaleza e la cerca de la dicha villa la aportillaron por muchas partes e la fortaleza de Caldelas e Castro de Rey que aportillaron y en el Bierzo a Cornatelo e a Pena Ramiro e derrocaran a Moeche que todas estas heran del conde de Lemos e la fortaleza de San Bicenso de Goldrame que hera del comendador de Porto Marin , que oi día esta derrocada e a San Paio que hera de Basco das Seixas , que agora torno a reparar e reedificar Basco das Seixas e ansimismo derrocaran a Sancta Ougea que hera de Pedro Alvarez de Pallares, que (...)”

Nas declaracións efectuadas polas testemuñas do litixio coinciden en subliñar que “(...) a fortaleza que era de Vasco das Seixas (...)” foi derrocada sufrindo danos materiais, como coinciden en sinalar todas as testemuñas.

No amentado traballo a Guerra Irmandiña, en vista dos datos contidos nas actuacións do preito Tabera-Fonseca, cítase entre as fortalezas derrocadas a de San Paio de Vasco das Seixas e, ao tratar da reconstrución, dise que se empregaron traballadores biscaíños.

O Catastro do Marqués da Ensenada

O Catastro do Marqués da Ensenada (Arquivo Histórico Provincial de Lugo)

Data: 1752

Entidade catastral: freguesía de Santa María de Xiá

Parroquia: Santa María de Xiá. Municipio: Friol. Provincia: Lugo.

Xurisdición: San Paio de Narla

Señor xurisdiccional: Xosé Ordoñez

Autoridade: Mauro Figueroa Mendoza, subdelegado. Xuíz ordinario: Bartolomé de Lamas

Libro:

Interrogatorio: preguntas, auto e declaración do estilo de arrendamentos eclesiásticos.

Sinatura: 10536-01. Número 3730. Conservación: ben

Observacións: na terceira pregunta marca, ademais da freguesía, a xurisdición de San Paio de Narla.

-Persoal de eclesiásticos: sinatura: 10536-02. Número 3731. Conservación: ben

-Persoal de leigos: sinatura: 10536-04. Número 3733. Conservación: regular

-Real de eclesiásticos: clasificación de terras. Publicación

Sinatura: 10536-03. Número 3732. Conservación: ben

-Real de leigos: clasificación de terras. Publicación

Sinatura: 10536-05. Número 3734. Conservación: regular

Segundo consta no dito interrogatorio estendido o mes de setembro de 1752, na freguesía de Santa María de Xiá, ante o Sr. Mauro Figueroa e Mendoza, subdelegado da Real Xunta da única contribución no departamento do señor Xoán Felipe de Castaños, comisario ordenador dos reais exércitos, ministro encargado pola súa S.M. para o seu establecemento no Reino de Galicia, a dita xurisdición era do señorío de don Xosé Ordóñez, veciño de Betanzos, que percibía de cada un dos veciños, por esta razón, tres reais e vinte e dous maravedís de vellón, anualmente, sendo casado e cabeza da casa e das viúvas, sendo tamén cabeza da casa, un real e vinte maravedís. Así mesmo, percibía por razón loitosa, anualmente e na mesma conformidade, dos casados, catro maravedís e das viúvas, dous. Todo iso nun quinquenio, supúñase que importaba ao ano, por uns e outros dereitos, douscentos cincuenta reais de vellón, considerando que sete deles se correspondían coa loitosa.

De todos os froitos que se recollían na dita freguesía, pagábase o décimo. De cada dez, nun deles o cura párroco percibía unha sexta parte e as outras cinco, don Xosé Ordóñez. Cada un dos veciños pagáballe, ademais, á fábrica da igrexa dous cuarteis de centeo anualmente por razón de primicia, as viúvas un cuartel e, por razón de voto, igual cantidade ao Ilmo. Cabido da Santa Igrexa Catedral da cidade de Lugo.

Os décimos calculados por un quinquenio importaban, un ano con outro, tres mil reais de vellón, dos cales o cura párroco percibía cincocentos e os dous mil cincocentos


restantes, don Xosé Ordóñez. As primicias que cobraba o mordomo fabriqueiro da igrexa da freguesía elevábanse a trescentos cincuenta e catro reais e a mesma cantidade os votos.

Características xerais dos restos materiais

Creemos que non existirían diferenzas no modelo de fortificación e preferencia de emprazamento entre uns poderes e outros, senón, máis ben, unha serie de decisións de ocupación en función dos usos que a fortificación debería ter.

Así a todo, aquelas fortificacións altomedievais con presenza documental máis abundosa parecen ter desempeñado un papel importante na organización e control do territorio que dominan. Están situadas máis nas proximidades das áreas produtivas e das vías de comunicación, seguindo o modelo habitual dos posteriores castelos baixo-medievais. Son os casos do castelo de Cedofeita (Lérez), o castelo de Aranga (Aranga) ou o castellum Minei o castro de Marce (Pantón), situados na beira das interseccións varias, aínda que tamén figuran algunhas fortificacións en altura que exerceron un papel claramente xurisdiccional, coma o castelo de Labio (Lugo) e o castelo de Lobeira (Vilanova de Arousa).

En xeral, son estas fortalezas acreditadas documentalmente as que nos permiten dispoñer dun modelo máis ou menos claro de fortificación altomedieval para os séculos IX e X. Trátase de recintos pequenos, duns dez metros de diámetro, construídos para gornicións reducidas de dez homes, seguindo o modelo que se definiría na Galicia como “castelo roqueiro”: é unha fortificación que se basea esencialmente na orografía para a súa defensa e que nos chegou cunha saúde excelente ata as Guerras Irmandiñas, en 1467. O modelo, en moitos casos, constrúese arredor dun gran rochedo que sobresaia na súa contorna e que exerce a función de donxón do castelo. Nalgúns casos, especialmente moi abundantes na área luguesa, ese rochedo complementábase por un dos seus lados con traballos de construción de fosos e levantamentos de terrapléns que permiten gañar espazo habitable nas proximidades da rocha.



Reconstrución despois da desfeita Irmandiña feita por traballadores biscaíños. Vide páxina 28.



Labra heráldica sobre a porta de entrada da fortaleza, figurando no segundo cuartel o emblema dos Seixas.

A Fortaleza de San Paio de Narla ocupa, actualmente, unha extensión de 36,50 metros lineais. Está composta de tres corpos: un central que ten á súa esquerda, entrando, a Torre da Homenaxe de 9 x 11 metros e, á súa dereita, un torreón de 6 x 7 metros. A parte central da planta baixa componse de tres coxías; dúas dispostas, paralelamente, e nunha das cales está localizada no patio interior, de traza cadrada con dous arcos de medio punto por lado, construídos con aparello regular de perpiaño e a escaleira principal toda de granito. Na outra coxía os departamentos de servizos. A terceira coxía está disposta en perpendicular a aquelas, facendo un T, destinándose parte a limiar e o resto a corte.

Sobre a porta de entrada da fortaleza, sitúase un escudo, soportado por dous leóns, con coroa marquesal, consta de catro cuarteis en cruz; o primeiro con dous castelos, o segundo con catro pombas, o terceiro cun ramo e o cuarto con nove roeis. Leva as armas dos Seixas, Ordóñez, Sarmiento e, quizais, dos Andrade.



Armerías dos Seixas e Ulloa na fiestra da Torre da Homenaxe



Primeiro andar, corpo central: ventá renacentista con peitoril.



Fiestra armoriada na fachada norte da fortaleza

Segundo certificación emitida por don Pascual Antonio da Rúa Ruíz de Naveda, cronista e rei de armas de número do rei don Carlos III, as dos Seixas, son: en campo de prata tres pombas pardas, outros poñen cinco pombas. Corratello di tres pombas de prata en campo vermello.

As fachadas norte e sur presentan dous saíntes a xeito de contrafortes. A Torre da Homenaxe consta dunha soa estancia distribuída en catro andares:

- a primeira carece de bufarda e crese que era utilizada como foso ou calabozo. Só ten acceso por unha trapela de madeira existente no sobrado.

- a segunda ilumínase por unha fiestra con poios ou parladoiros de pedra, o seu exterior decórase cun peitoril moldurado e pendulóns nos seus extremos (que podemos observar nalgunhas de Santiago e no Ribeiro do Avia), na lumicira da devandita fiestra aparece a testa dun nobre franqueada á destra e a sinistra coas armas dos Ulloa e dos Seixas. Os tranqueiros son de ornamentación xeométrica e de imposta a repisa. Todo iso ao xeito renacentista.

Na parte máis elevada do corpo central e na mesma fachada hai outra ventá de lintel acornixado con sosténs que rematan en cabezas de anxos alados e que contén rosetas e tres medallóns con cabezas humanas, unha de guerreiro no centro, revestida de casco e outras a cada lado, de bustos espidos, (na parroquia de Santiago de Aranza, partido de Neira de Xusá, hai un pazo que ten un lintel nunha ventá que mostra un decorado moi parecido e en Mondoñedo, o escudo de armas dos Luaces ten tamén medallóns e cabezas de anxo, o mesmo que o dos Estúa).

Na esquina do salón do andar superior hai unha curiosa fiestra aberta en ángulo, con columna central e enreixado, disposta a través do muro que acusa un derrame de 2,50 metros, con poios en pedra a cada lado nos que poden sentarse comodamente ata dez persoas.

No interior da fortaleza cabe destacar, tamén, a presenza de chemineas, unha ben labrada de 1,88 metros de ancho que lle dá a esta estancia un signo de distinción das



Venta seteira no andar 1.º Torre da Homenaxe.



Planta primeira, salón principal: Ventá en ángulo con columna central esquinada (xeminada).




Fiestra con parladorio no andar terceiro da Torre da Homenaxe.

demais pezas da fortaleza. Sostense cunha sección de dobre columna, moi ben traballada nas súas bases, no centro da súa cambota figura un anxo e nas súas esquinas ambas rosetas, nos dous laterais dúas cabezas de *dragantes* linguados. Esta parte da estadia tivo que ser sometida a modificacións, como se aprecian no paramento na que se apoia esta cheminea, o doelado dun arco cuxa finalidade é descoñecida.

Hai outra cheminea sita no terceiro andar da Torre da Homenaxe. Este elemento foi cambiado de lugar na última reforma. Como ben podemos apreciar en fotografías antigas, procedía do primeiro andar. O entaboamento contén no centro un motivo vexetal e, ás súas bandas, dous leóns pasantes, linguados e contrapostos; nas partes laterais dúas figas e dous dragantes a cada banda.

- Os outros dous andares non ofrecen particularidade ningunha, percibindo a luz a través de pequenas xanelas, as seteiras, que se acusan dende o exterior e que aparecen tapiadas.



Cheminea que antes estaba no andar primeiro da Torre da Homenaxe (agora no andar terceiro).



Detalle dunha das chemineas. Ano 2011


A parte alta do corpo central da fortaleza correspondéndose coas coxías referidas, está o claustro ou corredor. Circunda o patio con xanelas rectangulares de mainel, no cal desemboca a escaleira. Una rampla, con balaústre de perpiaños lisos e pináculos con decoración de bóla con paramentos entrepanados de cantería concertada, dá acceso á fortaleza e á capela contigua que fai ángulo coa porta da entrada.

O paseo de rolda, hoxe moi deformado, medía como termo medio dezaoitto metros dende a base do *peñón* e uns vinte e cinco metros desde os muros do edificio, formando un promontorio que acusa, aínda, o emprazamento en toda a súa contorna dos fosos e contrafosos que lle servían de defensa.


Ata hai pouco máis de oitenta anos, existiu un pequeno montículo próximo á Torre da Homenaxe onde estivo colocado o rolo, como lembran as persoas vellas da comarca. No Museo Provincial figura exposta unha cadea con grosos elos que, segundo a lenda popular, procedía do dito rolo.

Con referencia ao Inventario de Protección do Patrimonio Cultural Europeo IPCE: localización (ELU-Friol-Xiá), tipoloxía (1,1-Ca), número (037), cronoloxía-séculos edificación ou reforma (EM-XVI), protección legal especial (ningunha), conservación (B2), utilización (museo etnográfico) e denominación vulgar e información complementaria (SAN PAIO DE NARLA).

Conforme á Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (BOE n.º 155 de 29 de xuño de 1985) e baixo a protección da declaración xenérica sobre protección dos castelos españois, do Decreto de 22 de abril de 1949 (BOE de 5 maio de 1949), ten a condición de Ben de Interese Cultural (BIC) e é clasificada como: movemento (castelo. Fortaleza de San Paio), tipo (ningún), localización (Friol.Xiá-Castronela), identificador (RI51-0008900) e data (17/10/94).



Detalle da lareira e o forno. Ano 2011




Nas Normas Subsidiarias do Planeamento de Friol, a fortaleza aparece grafada cerca do núcleo da Carballeira como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural a escala 1/5000.

No anexo 3.º das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial da Provincia de Lugo, publicado no DOG n.º 133, de 12 de xullo de 1991 (feito polo autor deste traballo e mais Xosé Antón García González-Ledo), no seu apartado do Inventario do Patrimonio Cultural da Provincia de Lugo e no concello de Friol, dentro da Arquitectura Militar e Defensiva aparece A Fortaleza de San Paio, situada en Xiá-Castronela e teríamos que aplicarlle o artigo 30 da Ordenanza reguladora do solo non urbanizable de protección do patrimonio que di: *mentres non se redacte o planeamento correspondente dentro das áreas de protección (franja cunha profundidade medida dende o elemento ou vestixio máis exterior do ben que se protexe, será de 100 m cando se trate de elementos de arquitectura militar), será preciso informe previo da Comisión Provincial de Patrimonio, para a realización de calquera das actividades numeradas no artigo 178 da Lei do Solo, tanto no inmoble como na súa área de influencia.*



De conformidade co artigo 22 da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG 08/10/1995 e BOE 01/12/1995) están incluídos no inventario xeral os bens recollidos nos catálogos das Normas Complementarias e Subsidiarias do Planeamento de Galicia, así como os contidos en calquera outra figura de planeamento e, segundo o artigo 54 da mesma lei, os bens inventariados gozarán dunha protección baseada en evitar a súa extinción e estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da “Consellería de Cultura”, que deberán autorizar calquera intervención que os afecte.

Planos de andares, alzados e seccións da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011




Andar baixo da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011

Andar primeiro da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011





Andar segundo da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011

Andar terceiro da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011




Planta da cuberta da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011







Alzado norte da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011



Alzado este da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011




Alzado sur da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011



Alzado oeste da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011



Alzado norte da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011



Alzado sur da Fortaleza de San Paio de Narla. Ano 2011


As capelas de San Paio e Sobrado

Fóra da fortaleza, ao final da rampla de acceso con balaústre de perpiaños lisos e pináculos de bóla con paramentos entrepanados de cachotería concertada, atópase a capela para uso exclusivo da familia. De pequenas dimensións, de granito e cuberta de lousa do país a catro augas, construída, posiblemente, no século XVIII sobre un gran podio pétreo, está presidida por un retablo sinxelo do século XIX, coa imaxe principal de San Paio.

Onde antigamente estaban os fosos e contrafosos e debaixo da capela construíuse, no século XX (ano 1980), un pombal (réplica doutro existente na beira da N VI, á altura de San Martín de Guillar no concello de Outeiro de Rei) con cachotería de laxas de forma circular.

Nunha copia da demanda ante a Real Audiencia do Reino, nun auto ditado polo xulgado, o 3 de agosto de 1802, e sendo dono da fortaleza, don Xoaquín de Armesto, prestaba bens para ser alleados de vínculos e morgados fundados polos seus antecesores. Pretendía dar por anexo e correspondente o campo que circundaba a capela de San Paio. Domingo Platero, un dos veciños da freguesía de Santa María de Xiá, manifestaba nas súas alegacións que era constante que o dito campo se atopara dentro dos termos de Outeiro, que el só posuía, e no cal don Xaquín non labraba, cultivaba, nin tiña terras ningunha, nin as tiveron os seus e “que a la verdad no hallaba apoyo para lo que pretendía llamar capilla suya, lo fuese jamás ; que teniendo como siempre tuvieron la capilla que subseste pegada a la fortaleza, no se le alcanzaba que beneficio pudiese seguir a sus poseedores, para que abandonando su propia comodidad e intereses, quisieran sustentar otra tan cercana”. Advertía, ademais, que o título de capela que se lle quería dar era anovado, xa que fora antigamente igrexa parroquial, co nome de *San Pedro de Payo*, á que estaban adictos os tres lugares de *Outeyro*, *Carballeyra* e *Castronela* ou *San Payo*, que todo é un segundo así era público, cuxos veciños se enterraban nela e nas súas inmediacións, como se recoñece nos sepulcros e nos vestixios que aínda alí existen.

Planta da capela de San Paio. Ano 2011




O día 12 de xuño de 1835, seguíase litigando sobre estes dereitos. Así, vemos que se pasou ante o escribán, don Xoán Capón e Novoa, escritura de transacción nunha querrela presentada por don Domingo Vega y Valcarce no correspondente partido xudicial. Don Domingo, cura párroco de Santiago de Feimil e o seu anexo San Salvador de Daimil, actuou como apoderado dos señores don Rodrigo Rodríguez de Campomanes e a señora dona Rosa de Armesto Cortés da Rocha contra Felipe Platero, veciño do lugar de Outeiro, “por haber este propasado a romper una zanja por la parte superior de la chousa nombrada da Capilla antigua, propia de dichos señores, para regar y fertilizar otra suya, que se hallaba reducida a prado”.

Na capela atópanse tallas de tipo popular, un armario de sancristía con caixóns do século XVII, cruces, libros sagrados e unha vitrina con diversas pezas de arte sacro.

A antiga igrexa e a capela restaurada de Sobrado dos Monxes

Segundo os vestixios atopados por don Xesús Fernández Suárez, a igrexa de Sobrado dos Monxes tiña outra forma moi distinta á que quedou hoxe en día: existía unha soberbia construción en forma de pórtico que resgardaba as portas da igrexa, sobre a que se fundaba a fachada. Entrábase nel por catro arcos, tres na fronte e un no costado esquerdo, o arco da dereita estaba pechado polas paredes do mosteiro. Cubríao unha bóveda de nervaduras cos seus correspondentes rosetóns nos puntos nos que as nervaduras se cruzaban e estaba dividida en tres compartimentos, tantos como arcos na fronte. Nestes, abríanse as tres portas da igrexa, cuxas xambas compoñíanse de seis ou sete *codillos* de cada lado, nos cales encaixaban outras tantas columnas cos seus respectivos capiteis. Sobre a imposta corrida, que coroaba a uns e outros, volteaban, indo de maior a menor, outros tantos touros ou molduras formando as arquivoltas que rodeaban os linteis ou tímpanos circulares que cubrían as portas. A vulgar polos restos que quedan, non debían verse alí grandes obras de talla, estatuas



Porta de entrada da capela de San Xoán (antes da Magdalena). Ano 1960.

nin outras figuras de seres fantásticos e estraños, pero si molduras lisas e sinxelas, que trazaban liñas moi concretas e elegantes. Sabido é que os monxes do Císter, orde á que pertenceu Sobrado, repudiaban todo exceso na ornamentación e, sobre todo, as representacións fantásticas e caprichosas.

Vista, pois, a disposición do espazoso pórtico, a igrexa tería tamén tres naves cubertas de bóvedas de nervaduras. A nave central, máis para alá do segundo ou terceiro arco, cerrábase cunha reixa de ferro, que separaba a que chamaban igrexa de segres da dos monxes. Viña despois o cruceiro ou transepto, iluminado por rechamantes rosetóns calados; logo, máis alá do cruceiro, a capela maior. Nada disto queda agora en pé, porque no século XVII, ao lado desta igrexa, foi construída a que subsiste: o solar da antiga destinouse a dependencias do mosteiro.

Debemos, ademais, supoñer que na igrexa vella, sobre o cruceiro, se eleva a cúpula e arredor da capela maior tiña un ambulatorio, coroa ou deambulatorio como o ten a de Oseira, pois igrexa tan importante como a de Sobrado, que comezou a construírse en época de tanto gusto e riqueza como foi a segunda metade do século XII e baixo o impulso e dirección dun home de tanto enxeño e gusto como o abade don Egidio, non había de quedar desprovista de tan vistosos accesorios.

No extremo do cruceiro da igrexa, atopábase o altar da Purísima Concepción e, enfronte, ao lado oposto, estaba a antiga capela da Magdalena, que despois chamouse de San Xoán e que tamén era coñecida con outros nomes, como capela dos Ordoñez e dos Campomanes. É de estilo oxival do último período e, por conseguinte, moi anterior á igrexa actual. Antigamente, estaba soa e illada, ao lado do arco por onde se pasaba ao atrio do mosteiro; mais despois, ao ensanchar este arco, quedou absorbida a capela entre as súas paredes.

Os donos da fortaleza mandaron reconstruír esta capela de San Xoán no mosteiro de Sobrado dos Monxes, que é a antiga capela da Magdalena. En tres liñas sobre a súa entrada atópase esta inscrición:

ESTA CAPILLA, DE SUS ANTEPASADOS, RESTAURÓ DON ALONSO ORDOÑEZ DAS SEIXAS Y TOBAR, SEÑOR DE LA FORTALEZA DE SAN PAIO Y SUS TIERRAS, PARA SI Y SUS SUCESTORES, AÑO DE 1613.

Dentro da capela atópase un sarcófago dun antepasado do dono da Fortaleza de San Paio de Narla e unha dama da casa de Ulloa (antepasada dos Ordoñez das Seixas e Tobar).

En copia manuscrita do Cronicón, igualmente manuscrito de Santa María de Sobrado, recompilado por Fray Mauricio Carbajo, que profesou no ano 1741 e faleceu en 1775, refírese á morte aleivosa, á novidade e prodixio que se admirou no enteiro de dona Catalina de Santirso, nestes termos : “Se sabe de cierto por testigos de oídas a la vista, que en medio de dicha capilla (la de la Magdalena) en la misma tierra, sin piedra ni epitafio, iace sepultada Dña Cathalina de Sn. Tirso, mujer de Vasco das Seixas, Señor de San Payo y mayorazgo de la casa de su ilustre apellido. Cuéntase en el

Tumbo de este Monasterio de Sobrado, por relación de SR. Simón Coello, de Nación Portugués, monje profeso de este monasterio, que cuando murió tenía 66 años de hábito y 90 de edad, sujeto muy íntegro y religioso, que fue testigo de visto, que en el año 1543, jueves día primero de noviembre que nuestra Santa Madre Iglesia celebra la fiesta de todos los santos”.

O R.P. Xacinto Clavería, na súa guía histórico-artística do Mosteiro de Sobrado, publicada no ano 1935, di que a capela é máis antiga que a fábrica da igrexa, considerándoa como exemplar moi característico do noso románico de transición, levantada na primeira metade do século XIII, debéndose, sen dúbida, á magnificencia dos seus fundadores e descendentes, ao conservarse até os nosos días.

Escultura Funeraria no interior da Capela da Magdalena (Sobrado dos Monxes)




Fronte do sartego de Ares Vázquez de Baamonde. Século XV



Escudo de armas de don Alonso Ordóñez das Seixas e Tobar, partido coas armas dos Seixas e Baamonde sobre da porta da capela de San Xoán (antes da Magdalena. Sobrado dos Monxes).




Pés do sartego de Ares Vázquez coa virxe e un anxo facendo de tenantes dun escudo coas armas dos Baamonde. Debuxos de Xosé Antón García González-Ledo




Gravados en relevo nos muros interiores da capela de San Xoán. Debuxos de Xosé Antón García González-Ledo.

+AQUÍ: IAZ ARES VAASQ(U)EZ: DE VAAMONDE: AQ(U)EN: DE(EU)S P(ER)DON: A(N)O D(DOMINI) M(ILESIM)O: CCCC: ANO 1400.



Fronte do sartego dunha dona da liñaxe dos Baamonde



Fronte do sartego dun cabaleiro coas armas dos Baamonde
Debuxos de Xosé Antón García González-Ledo.



Testeiro armorado con dous anxos facendo de tenantes dunha fusión de armerías.²
Debuxo de Xosé Antón García González-Ledo.

No Museo Diocesano da catedral de Santiago, hai unha lápida sepulcral do escribán D. Bartolomé das Seixas (parente dos señores da fortaleza), na que a medio relevo aparece a figura en pedra dun cabaleiro, cuberta co gorro alto na cabeza, amortallado con hábito regular franciscano e suxeita a ben pregada túnica co anoado e colgante cingulo ou cordón de San Francisco.

Sostén coa man esquerda, sobre o peito, un libro encadernado con táboas e pechado con pel ao corte, a modo de carteira.




Claustro da catedral de Santiago de Compostela. Debuxo de Xosé Antón García González-Ledo

+ S(EPULTURA): D(E): FREI: BERTOLAMEV: DAS: SEIXAS: (E)SCRIBANO: E(RA): D(OMINE): M: CCC...


² Este monumento atópase na actualidade na nave do Evanxeo, mais coidamos que o seu primitivo emprazamento foi no interior da devandita capela.

Síntese gráfica-documental das transformacións

1. Orixe e evolución




Antes do século XII




Século XIII




Destrución Irmandiña 1467



Reconstrución comezos século XVI




Adquisición pola Deputación 1939




Reforma Museo 1983

2. Emprazamento dominante e estratéxico. Século XIII-XIV



Situación



sección 01



sección 02


O sitio

- Macizo rochoso coroado nun cerro
- Asentamento humano na idade do ferro
- Plataforma do castro case circular
- Construcións primitivas, a maioría seguindo as curvas de nivel
- Existencia de muíños de auga semellantes ao das Pontes
- Restos de muíños de man circulares


As edificacións

- Primitiva construción defensivo-militar dos séculos XIII-XIV
- Mole de perpiños de gran tamaño en fiadas horizontais con poucos ocos ao exterior
- Camiño de rolda que medía 18 metros desde a base do *peñón* e sobre 25 metros desde os muros da fortaleza.
- Baixo da Torre da Homenaxe con andar de grosas táboas e acceso mediante un habitáculo que podería ter sido calabozo.
- Construción de fosos e contrafosos que servirían de defensa
- Pequeno montículo onde estaba colocado o rolo
- Orientación Torre da Homenaxe (sur) e torreón (norte)
- Na Torre da Homenaxe, un zócalo con perpiños inferiores vistos
- Torre da Homenaxe con fiestras de arco de medio punto con merlóns saíntes sustentados por ménsulas e, no centro do corpo, construción de madeira cun tellado de lousas a catro augas e porta de acceso ao adarve.
- Torreón de reforzo case no centro da fortificación, con ameado saínte e fiestras pareadas de arco de medio punto.
- Entrada principal dende a fachada sur (non dende a fachada este, como se aprecia na actualidade).
- Posible adarve na fachada este e norte

Infografías hipotéticas da fortaleza



Plantas, alzados e seccións hipotéticas da fortaleza_século XIII-XIV




1. Recinto / 2. Porta de recinto / 3. Arpilleiras / 4. Poterna / 5. Patio de Armas / 6. Cubo angular / 7. Porta do Torreón / 8. Escaleiras / 9. Crujías / 10. Torre da Homenaxe / 11. Porta da Homenaxe / 12. Poxos e contrapoxos / 13. Zarpa ou zócalo / 14. Trampela acceso cabozo / 15. Cabozo / 16. Aposento / 17. Salas / 18. Patio de Armas / 19. Adarve / 20. Pasarela entre torreóns

3. Destrucción polos Irmandiños. Planos ano 1510

Os danos

- Destrucción da fachada sur e este da Torre da Homenaxe (posiblemente tamén da *merlatura* sostida con ménsulas).
- Destrucción da fachada este e norte do torreón
- Destrucción da entrada principal da fachada sur
- Só se conserva do conxunto das cubertas o lousado de parte do corpo central
- Non se aprecian restos de arranque de bóvedas na Torre da Homenaxe nin no torreón
- Aparece no acceso da fortaleza outros tipos de construcións, que coidamos posteriores
- Posible reconstrución dos tellados (de palla) das construcións castrexas
- Aparece o montículo onde estaba colocado o rolo.

Planos tirados a partir dos deseños do ano 1510 (ver páxinas 22 a 25)




4. Reconstrución hipotética, a comezos do século XVI, feita por Vázquez das Seixas despois da destrución irmandiña.


As edificacións

- Primitiva construción encastelada dos séculos XIII- XIV reconstruída
- Perpiaños reaproveitados con poucos ocos ao exterior
- Paseo de rolda que medía 18 metros dende a base do *peñón* e sobre 25 metros dende os muros do edificio.
- Posible reconstrución de fosos e contrafosos que servían de defensa
- Pequeno outeiro onde estaba colocado o *rolo*
- Zarpa ou zócolo con perpiaños na Torre da Homenaxe
- Torre da Homenaxe sen elementos defensivos (período renacentista) con fiestras historiadas
- Posiblemente, aparece un patio de armas descuberto na entrada e até a fachada este, que tamén, coidamos, serviría de acceso ás cortes situadas na ala norte.
- Entrada principal dende a fachada sur (non dende a fachada este, como na actualidade)
- O acceso á planta alta produciríase mediante un patín de madeira (posiblemente cuberto) como nos amosan a existencia de fiestras e ménsulas na cara este do muro interior.
- O acceso á Torre da Homenaxe produciríase mediante unha pequena plataforma saínte de madeira dende unha poterna existente na zona da cociña ou dende unha escada manual dende o chan.
- Posiblemente, o adarve encol do muro da fachada este e norte, rematado con *merlatura* saínte no contraforte.
- Nesta etapa, coidamos que existiron varios elementos, dos cales aínda se conservan dúas chemineas, unha lareira e un forno de aparello inferior ao das chemineas.
- Escalera principal con chanzos de granito desde o baixo, primeiro sobrado

Infografías hipotéticas da fortaleza_ comezos século XVI



Plantas, alzados e seccións hipotéticas da fortaleza_ comezos século XVI




5. A Deputación de Lugo merca a fortaleza no ano 1939


As edificacións

- Cando a Deputación Provincial de Lugo merca a fortaleza, aínda se conservaban os elementos renacentistas engadidos polo seu propietario, Vasco das Seixas, á primitiva obra.
- A Torre da Homenaxe, xa sen elementos defensivos, cuberta cun tellado a catro augas lousado con laxas de lousa da bisbarra, patio sen tellar, rampla de acceso e capela.
- A rampla que dá acceso á fortaleza e á capela, feita de granito e cuberta de lousa a catro augas construída, posiblemente, no século XVII.
- O patio interior (antigamente patio de armas?) con oito arcos de medio punto no andar baixo e fiestras rectangulares con montante no andar alto, que configura un novo lousado.

Infografía da fortaleza_ anterior a 1939



Plantas, alzados e seccións da fortaleza anterior a 1939



6. Estado actual. A rehabilitación e as recuperacións en anos anteriores


As recuperacións:

- Aparecen muros con *merlatura* na Torre da Homenaxe (con gárgolas) e encima da entrada principal.
- Recupérase o parladoiro da fiestra en ángulo sobre a entrada principal (comprobando que o derrame mide máis de 3,00 metros).
- Traslado da cheminea renacentista do primeiro andar ao terceiro da Torre da Homenaxe
- Descóbreanse máis perpiaños de fábrica nos paramentos interiores con signos lapidarios


A rehabilitación:

- Peche acristalado de aceiro inoxidable nas arcadas do patio
- Colocación dun solo de pezas de granito nas cortes e dependencias anexas
- Renovación da madeira dos andares e teitos
- Reforma da instalación eléctrica interior
- Pintado interior das estancias
- Colocación da iluminación exterior
- Localización dos aseos xerais en planta baixa
- Reconstrúense dúas fiestras seteiras do primeiro e segundo andar da Torre da Homenaxe, aparecendo nos derrames muros de case 3 metros de espesor.
- No vestíbulo recupérase (posiblemente) un groso muro paralelo á entrada
- Constrúese o pombal (copia dun existente na beira da nacional VI a altura de San Martín de Guillar, municipio de Outeiro de Rei en Lugo).

Infografías da fortaleza estado actual



Plantas, alzados e seccións da fortaleza estado actual



Bibliografía

- ÁLVAREZ-UDE DE LA TORRE, José. Arquitecto. *Reforma y Acondicionamiento de la Fortaleza de San Paio de Narla*. Lugo. Ano 1980.
- APONTE, Vasco de. *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela. Ano 1986.
- Arquivo da Real Chancellería de Valladolid. *Alonso Rodríguez. Pleitos civiles fenecidos. C 250-1. (Pleito entre el Obispo de Lugo y Vasco de Seixas el Viejo)*. Ano 1505.
- Arquivo da Real Chancellería de Valladolid. R/ Chancillería, 4. 47071 Valladolid. *Fortaleza de San Paio de Narla*. Carpeta 4, n.º 57. Sección: planos e debuxos. Ano 1510.
- Arquivo histórico nacional. Clero Secular Regular. Libro 6281. Folio 208. *Pleito ente el concejo de Lugo y Vasco das Seixas*. Día 25 de xuño, Ano 1505.
- ARIAS VILAS, Felipe. “El Museo Etnográfico e Histórico de San Paio de Narla”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T-2. Páxinas 211-228. Ano 1984.
- BALSA DE LA VEGA y AMOR MEILÁN, M. *Geografía del Reino de Galicia*. Tomo Provincia de Lugo. Pag. 375-376.
- BARROS GUIMERANS, Carlos. *Mentalidad justiciera de los Irmandiños. Siglo XV*. Madrid. Ano 1990.
- BOGA MOSCOSO, Ramón. *Guía de los Castillos Medievales de Galicia*. Edicións Xerais de Galicia. Ano 2003.
- CALVO LÓPEZ, José. 2005. “Estereotomía de la piedra”. In *I Máster de Restauración del Patrimonio Histórico*. Murcia: Colexio de Arquitectos - Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, p. 117-153. ISBN 84-89882-20-07.
- GARCÍA GARCÍA, Rosa. *Señoríos: Narla*. Deputación Provincial de Lugo. Ano 1994
- GARCÍA GONZÁLEZ LEDO, Xosé Antón. *As imaxes xacentes da igrexa de San Francisco de Betanzos*. Betanzos. 1983.
- Merindade do Castelo de Moeche*. Anuario brigantino. 1990
- Heráldica de Abegondo. A Coruña*. 1994
- Escultura funeraria e heráldica medieval na catedral de Santiago de Compostela*. Madrid. 2004.
- O sepulcro do cóengo Pedro Gómez*. Madrid. 2007
- HERMAN BLUNN. *Historia dibujada de la arquitectura occidental*. Ediciones Madrid. Ano 1982.
- Levantamento Planimétrico da Arquitectura Monumental de Galicia*. Xunta de Galicia (Dirección Xeral do Patrimonio Cultural) e Universidade da Coruña (Departamento de Representación e Teorías Arquitectónicas). Ano 2008/2009.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio. *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago*. Tomo VI. 1903. VIII: Santiago de Compostela. Ano 1906.
- Lucus*, N.º 4. “La Fortaleza de San Payo de Narla”. Páxina 11 e seguintes. Deputación Provincial de Lugo. Ano 1959.
- Lucus*, N.º 29. “La Fortaleza de San Payo de Narla”. Páxina 107 e seguintes. Deputación Provincial de Lugo. Ano 1976.

- MORA-FIGUEROA, Luís de. *Glosario de Arquitectura defensiva Medieval*. Cádiz. Ano 1994.
- OLIVERA SERRANO, César
- OTERO PIÑEYRO MASEDA, P. S. e GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, Xosé Antón, “Apuntes de los Ambía: linaje y parentelas (siglos XII-XVI)”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo LVI. N.º 122. Páx. 445-457. Ano 2009.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo e GARCÍA GONZÁLEZ-LEDO, Xosé Antón. *Palos, fajas y jaqueles*. Deputación de Lugo. 1996.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. “A pacificación de Galicia polos Reis Católicos”. *Os capítulos da Irmandade. Peregrinación en conflito social na Galicia do século XV*. Páx. 438-465. Santiago de Compostela. Ano 2006.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. “A rebelión irmandiña de 1467. Conexión, feitos e documentos”. *Os capítulos da Irmandade. Peregrinación en conflito social na Galicia do século XV*. Páx. 384-411. Santiago de Compostela. Ano 2006.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. “El Inventario documental y gráfico de las fortalezas medievales de Galicia. Método de trabajo y avance de resultados (1995-2006). Del documento escrito a la evidencia material”. *Actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología Medieval* (López-Mayán, M. e Galbán, C. coordinadores). Páx. 115-139. Santiago de Compostela. Ano 2007.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. “Los castillos de Galicia: Intento de una aproximación histórica a través de algunos de sus ejemplares más representativos”. *Castillos de España*, n.º 92. Páx. 17-24. Ano 1986.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo. *Los Señores de Galicia*. Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Ano 2000.
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo, Otero Piñeyro Maseda, Pablo e Gracia G. Ledo, Xosé Antón. *Castillos de España* n.º 164-165-166. *La Huella de los primeros Ulloa en las tierras y fortalezas de la Terra de Ulloa*. Páx. 59-67. Ano 2011.
- PÉREZ ROMÁN, Federico. *San Paio de Narla...un exemplo de señorío*. Deputación Provincial de Lugo. Ano 1994.
- QUIRÓS CASTILLO, Juan Antonio. “La sillería y las técnicas constructivas medievales: historia social y técnica de la producción arquitectónica”. *Arqueología Medieval*. Volume XXV. Páx. 235-246. Ano 1998.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel. *Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los Irmandiños*. (Preito Tabera-Fonseca. Folio 1113 Ruy Fernández, el Viejo). A Coruña. Ano 1984.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel e OTERO PIÑEIRO MASEDA, Pablo S. “Documentación y arqueología: el castillo de Arvogoria”. *Galaecia* 25. 2006.
- RUBIO MARTÍNEZ, Amparo. *Castillos de España* n.º 164-165-166. “La Tenencia de Fortalezas del Reino de Galicia a finales del siglo XV: una aproximación a su estudio a partir de la documentación hacendística”. Páx. 107-122. Ano 2011.
- SORALUCE BLOND, José Ramón. *Castillos y fortificaciones de Galicia. La arquitectura Militar de los siglos XVI-XVIII*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña. Ano 1985.
- VALDÉS BLANCO-RAJOY, María del Rosario. “Las fortalezas medievales que jalaban la ruta jacobea entre Santiago y Betanzos”. *Caminería Hispánica: Actas del VIII Congreso Internacional*. Madrid. Ano 2008.
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*. Tomo VI. Artigo de Vázquez Seijas. Lugo 1956.
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel. *Castillos de España*, n.º 62. Páx. 295-304. “La Fortaleza de San Paio de Narla”. Ano 1968.
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel. “Fortalezas de Lugo y su provincia. Castillo de Castro das Seixas”. Tomo V. Páx.105-10. Xunta do Museo Provincial de Lugo. Ano 1970.

Arquivos

- Arquivo Histórico Nacional. Clero Secular Regular. Libro 6281. Folio 208. (Preito entre O Concello de Lugo e Vasco das Seixas). Día 25 De Xuño, Ano 1505.
- Arquivo Histórico da deputación de Lugo. R/ San Marcos, S/N. Lugo
- Arquivo Histórico do Museo de Lugo. Praza da Soedade, S/N. Lugo
- Arquivo da Real Chancellería de Valladolid. R/ Chancillería, 4. 47071 Valladolid. “Fortaleza de San Paio de Narla”. Carpeta 4, N.º 57. Sección: Planos e debuxos. Ano 1510
- Arquivo da Real Chancellería de Valladolid. “Alonso Rodríguez. Preitos Civiles Fenecidos. C 250-1”. (Preito entre o Bispo de Lugo e Vasco de Seixas El Viejo). Ano 1505.
- Arquivo do Colexio Oficial de Arquitectos de Lugo. R/ Xeral Tella, N.º 13. Lugo
- Arquivo da Dirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais. Santo Domingo del Bonaval. Santiago de Compostela
- Arquivo Histórico Provincial de Lugo. R/ Cambria, S/N. Lugo